

mo día 1 de xaneiro de 2003, establecendo, non obstante, a esixencia de notificación á autoridade marítima cun mínimo de vinte e catro horas da súa intención de entrar en porto, terminais ou fondeadoiros, para os efectos de que esta exerza o control ou tutela que corresponda desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

A inmediatez das medidas acordadas xustifican a extraordinaria e urxente necesidade que habilitan para o uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución para establecer estas medidas mediante real decreto lei.

Na súa su virtude, por proposta do ministro de Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2002,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Prohibición de entrada en porto.*

Prohíbese a entrada en portos españois, en terminais ou en fondeadoiros, de buques petroleros de casco único, calquera que sexa a bandeira que enarboren, que transporten fuel pesado, alcatrán, betume asfáltico ou petróleo cru pesado.

### Artigo 2. *Réxime sancionador.*

O incumprimento da prohibición a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei constitúe infracción moi grave, con sanción de multa de ata 3.000.000 de euros.

Será responsable da infracción a persoa física ou xurídica que resulte da aplicación do artigo 118.2 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

O procedemento sancionador rexerá polo previsto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polas súas disposicións de desenvolvemento e polo disposto na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

### Disposición derradeira primeira. *Habilitación ó Goberno.*

O Goberno aprobará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto lei e adoptará as medidas de carácter administrativo, organizativo e orzamentario que resulten necesarias para o seu eficaz cumprimento, así como para reforzar as medidas de control e inspección de buques que transporten mercadorías perigosas e contaminantes que realizan os órganos competentes da Administración xeral do Estado de conformidade co ordenamento xurídico vixente.

O disposto neste real decreto lei rexerá no ámbito de aplicación definido na normativa comunitaria.

### Disposición derradeira segunda. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto lei.

### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», ben que a prohibición contida no artigo 1 será efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2003. Non obstante, os buques afectados pola prohibición anterior, desde a data de entrada en vigor e ata a efectividade da prohibición,

deberán notificar á autoridade marítima cun mínimo de vinte e catro horas a súa intención de entrar en porto, terminais ou fondeadoiros, para os efectos de que esta exerza o control ou tutela que corresponda.

Dado en Madrid o 13 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en  
funcións,  
MARIANO RAJOY BREY

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**24347** REAL DECRETO 1323/2002, do 13 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas. («BOE» 299, do 14-12-2002.)

O Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, foi dictado como consecuencia da evolución sufrida polo sector porcino nos últimos anos, para os efectos de dotalo dun marco lexislativo acorde coa nova realidade productiva, económica, ambiental e sanitaria do sector.

A experiencia adquirida despois da entrada en vigor desta norma e, en concreto, os inconvenientes xurdidos nalgún caso para a instalación de novas industrias cárnicas, así como certas dificultades de interpretación respecto á definición dos matadoiros ós que fai referencia e á aplicación das distancias mínimas entre as explotacións porcinas de nova instalación e as industrias cárnicas e matadoiros, e entre estes establecementos e as explotacións porcinas, aconsellan a súa modificación, co obxecto de evitar que esta disposición poida interferir no correcto desenvolvemento da industria agroalimentaria do sector porcino e doutros sectores gandeiros.

Convén, por tanto, especificalo tipo de matadoiros (os que sacrifiquen especies distintas ó vacún, ovino, caprino, porcino e equino) e as condicións das industrias, ós que non han de ser de aplicación as distancias establecidas no Real decreto 324/2000, deixando ó criterio das comunidades autónomas a decisión respecto ó mantemento daquelas nos casos en que razóns de índole sanitaria o aconsellen.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2002,

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas.*

Engádesse unha alínea k) ó artigo 5, dous, A), 1, do Real decreto 324/2000, do 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, coa seguinte redacción:

«k) Non serán de aplicación as distancias mínimas establecidas nas alíneas b), c) e i) entre as

Y

explotacións porcinas e os matadoiros que sacrifiquen especies distintas ás previstas no Real decreto 147/1993, do 29 de xaneiro, sobre condicións sanitarias de produción e comercialización de carnes frescas, así como entre as ditas explotacións e as industrias cárnicas, sempre que, a xuízo da autoridade competente en materia de sanidade animal, tanto as explotacións como os matadoiros ou industrias contén con adecuados sistemas de illamento sanitario de acordo coa normativa vixente.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

O artigo único deste real decreto terá o carácter de normativa básica estatal ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ó

Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

